

PROVINCIA	ENTIDADE	CONTIA
A CORUÑA	VOLUNTARIADO SOCIAL FONSECA (VSF)	2.824,88 €
LUGO	AGRUPACION DE SORDOS DE LUGO	3.936,00 €
LUGO	AGRUPACION VOLUNTARIOS PROTECCION CIVIL DE SARRIA	2.448,23 €
LUGO	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS	2.354,06 €
LUGO	ASOCIACION PROMOCION E INTEGRACION GITANA DE LUGO	3.766,50 €
LUGO	ASOCIACION XUVENIL ATEIBO	2.966,12 €
LUGO	ASOCIACION AXUDA O ENFERMO MENTAL A MARIÑA	4.990,62 €
LUGO	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS ALZHEIMER MONFORTE	1.080,00 €
LUGO	ASOCIACION DE JUBILADOS DE TABOADA	939,70 €
LUGO	ASOCIACION DE MINUSVALDOS A MARIÑA	1.230,40 €
LUGO	ASOCIACION DE MINUSVALIDOS BENXAMIN PAZ CORDAL	3.993,57 €
LUGO	ASOCIACION DE PAIS DE DISMINUIDOS PSIQUICOS ADIANTE	2.273,25 €
LUGO	ASOCIACION LUCENSE DE ESCLEROSIS MULTIPLE	5.600,00 €
LUGO	ASOCIACION LUCENSE ENFERMOS MENTALES ALUME	4.237,31 €
LUGO	ASOCIACION PARA EL DESARROLLO SOCIOCULTURAL, FORMACION Y EMPLEO (ASFEM)	2.939,14 €
LUGO	ASOCIACION PROVINCIAL DE PADRES DE DISMINUIDOS PSIQUICOS	3.920,00 €
LUGO	ASOCIACION RAIOLAS-LUGO	4.613,97 €
LUGO	ASOCIACION SINDROME DE DOWN DE LUGO	4.800,00 €
LUGO	ASOCIACION VALPONASCA	2.259,90 €
LUGO	AUXILIA-MONFORTE	4.331,48 €
LUGO	CARITAS DIOCESANA (LUGO)	4.566,88 €
LUGO	CENTRO SAN VICENTE DE PAUL	2.259,90 €
LUGO	COGAMI LUGO	4.613,97 €
LUGO	FUNDACION JUAN SOÑADOR	3.860,66 €
LUGO	UNION DE ASOCIACIONES PROVINCIAIS DE UDP LUGO	4.802,29 €
LUGO	VOLUNTARIADO PENITENCIARIO LUCENSE	1.078,40 €
LUGO	XAQUEDRUM	5.273,10 €
OURENSE	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE COLES	3.248,61 €
OURENSE	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE SANDIAS	1.080,00 €
OURENSE	ALCER-OURENSE	4.708,13 €
OURENSE	AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE	5.555,59 €
OURENSE	ASOCIACION DE CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL	4.755,21 €
OURENSE	ASOCIACION ORENSANA DE AYUDA AL TOXICOMAN-ATOX	6.026,40 €
OURENSE	ASOCIACION PARA A PROMOCION DE MINUSVALIDOS LIMIS	2.976,00 €
OURENSE	ASOCIACION "OS TRES REINOS"	3.860,66 €
OURENSE	ASOCIACION AGROMAR	3.224,00 €
OURENSE	ASOCIACION AIXIÑA	5.743,92 €
OURENSE	ASOCIACION AUTISMO OURENSE	5.084,78 €
OURENSE	ASOCIACION COMITE CIUDADAN ANTI-SIDA DE OURENSE	4.634,32 €
OURENSE	ASOCIACION CULTURAL CANDEA DE VIANA	2.956,80 €
OURENSE	ASOCIACION CULTURAL INTERRURIS	4.400,00 €
OURENSE	ASOCIACION DIABETICA AURIA	480,00 €
OURENSE	ASOCIACION DOWN OURENSE	5.619,74 €
OURENSE	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER OURENSE	5.178,94 €
OURENSE	ASOCIACION FAMILIARES DE ENFERMOS ALZHEIMER OURENSE (AFAOR)	5.932,24 €
OURENSE	ASOCIACION FIBROMIALXIA DE OURENSE (AFOU)	3.280,00 €
OURENSE	ASOCIACION FOLION POMBARIÑOS	2.919,04 €
OURENSE	ASOCIACION FONTE	3.907,75 €
OURENSE	ASOCIACION LOCAL DE PROTECCION CIVIL DO CARBALLIÑO	3.766,50 €
OURENSE	ASOCIACION OURENSANA DE HEMOFILIA	5.273,10 €
OURENSE	ASOCIACION PROVINCIAL DE PENSIONISTAS YJUBILADOS UDP OURENSE	384,00 €
OURENSE	ASOCIACION RENACER	4.708,13 €
OURENSE	ASOCIACION USUARIOS, EX-USUARIOS E TECNICOS DE OURENSE	2.446,40 €
OURENSE	ASOCIACION XARELA FORMACION-ANIMACION	3.107,36 €
OURENSE	ASOCIACION XUVENIL AMENCER	4.425,64 €
OURENSE	ASOCIACION XUVENIL E CULTURAL BANDA DE GAITAS DE RIOS	1.160,00 €
OURENSE	ASPANAS	4.668,00 €
OURENSE	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	5.838,08 €
OURENSE	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	3.578,18 €
OURENSE	CIMO	5.320,18 €
OURENSE	FEDERACION DISCAPACITADOS FISICOS DE OURENSE (DISCAFIS)	4.613,97 €

PROVINCIA	ENTIDADE	CONTIA
OURENSE	FEDERACION PROVINCIAL MULLERES RURAIS DE OURENSE	2.636,55 €
OURENSE	FEDERACION UTEPEVAL, UNION TERRITORIAL DE ASOCIACIONES DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DE VALDEORRAS, TERRAS DE TRIVES E VIANA GALICIA TERRA DE ACOLLIDA	4.802,29 €
OURENSE	ASOCIACION DE PADRES DE PARALITICOS CEREBRALES AMENCER-ASPACE	4.613,97 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION GALEGA DE ENFERMOS NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	3.295,69 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION LAR PRO SALUD MENTAL	2.400,00 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION SAN XEROME EMILIANI	5.273,10 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION ALENTO-DANO CEREBRAL	5.178,94 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION AMAS DE CASA E CONSUMIDORAS LAXEIRO	5.932,24 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION COMARCAL DE EDUCACION ESPECIAL SANTISIMO CRISTO DEL AMOR	1.883,25 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA EIRA VELLA	1.883,25 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS ALZHEIMER AFAGA	4.613,97 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION DE MARKETING SOCIAL-ADEMAS	3.578,18 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION DE XOVENES A TURONIA	477,02 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION DISCAPACITADOS DO BAIXO MIÑO VONTADE	4.802,29 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION DISMINUIDOS FISICOS Y SIQUICOS ASODIFISI	1.204,80 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	5.461,43 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION ESTUDIANTES GALEGOS PARA A AXUDA SOCIAL	4.143,15 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER PONTEVEDRA	3.481,60 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION FONTAÑA	3.060,28 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION HOY POR MAÑANA	4.408,32 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION PADRES DE MINUSVALIDOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (APAMP)	4.238,40 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION PERSOAS XORDAS DE VIGO	3.766,50 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION PONTEVEDRESA SINDROME DE DOWN XUNTOS	1.980,92 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION SINDROME DOWN DE VIGO	3.192,90 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION XOGAIS	4.143,15 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION XUVENIL ABERTAL	4.755,21 €
PONTEVEDRA	ASOCIACION XUVENIL XENTENOVA	2.049,60 €
PONTEVEDRA	ASPANAEX	4.708,13 €
PONTEVEDRA	CARITAS DIOCESANAS TUI-VIGO	5.555,59 €
PONTEVEDRA	CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	3.840,00 €
PONTEVEDRA	COMUNIDADE MONTES EN MAN COMUN DE VALLADARES	3.719,42 €
PONTEVEDRA	CONGREGACION DE HERMANAS FRANCISCANAS HOSPITAL INMACULADA CONCEPCION, RESIDENCIA PAZ Y BIEN	520,00 €
PONTEVEDRA	COORDINADORA PARA O ESTUDIO DOS MAMIFEROS MARIÑOS CEMMA	5.084,78 €
PONTEVEDRA	FEDERACION ASOCIACION MINUSVALIDOS FISICOS PONTEVEDRA-COGAMI	4.990,62 €
PONTEVEDRA	FEDERACION GALLEGA DE ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMALES E PRANTAS FEGAPRO	2.165,74 €
PONTEVEDRA	FEDERACION VECIÑAL EDUARDO CHAO	2.400,00 €
PONTEVEDRA	FUNDACION ASPACE GALICIA	4.048,99 €
PONTEVEDRA	FUNDACION CASA-HOSPITALILLO DE ANCIANS, ENFERMOS E DESAMPARADOS	4.802,29 €
PONTEVEDRA	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	3.813,58 €
PONTEVEDRA	FUNDACION INTEGRA DISCAPACIDAD INTELLECTUAL	4.990,62 €
PONTEVEDRA	FUNDACION MENELA	3.072,00 €
PONTEVEDRA	FUNDACION SECRETARIADO GENERAL GITANO	6.591,38 €
PONTEVEDRA	FUNDACION VIGO EN DEPORTE	2.871,96 €
PONTEVEDRA	PLAN COMUNITARIO DE TEIS	1.706,30 €
PONTEVEDRA	UNIDAD ESPECIAL DE PROTECCION ANTICATASTROFE Y SALVAMENTO DE EMERGENCIAS Y PROTECCION CIVIL, UEPAS	2.259,90 €

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 6 de agosto de 2007 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro integrado de formación profesional Monte de Conxo de Santiago de Compostela.*

Tendo en conta o artigo 3º punto 1 do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se apro-

ba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e o Decreto 154/2006, do 7 de setembro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

### DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro integrado de formación profesional que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Código de centro: 15015767.

Denominación: Centro Integrado de Formación Profesional Monte de Conxo.

Nova denominación: Centro Integrado de Formación Profesional Politécnico de Santiago.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 7 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o ano 2007.*

A rápida evolución nas dúas últimas décadas do desenvolvemento do subsector de gando vacún, e en especial o do leite, propiciou desequilibrios nos factores de produción que se manifestaron fundamentalmente en problemas de adaptación das estruturas produtivas e da man de obra. Este desequilibrio provocou profundos cambios nos modelos produtivos, con repercusións no abandono de actividades propias do sistema produtivo deste subsector, coma a cría e recría de animais para vida e a produción de carne a través da ceba dos xatos e xatas, non propicias para reprodutores, e a ceba de animais de refugo.

O abandono destas actividades ten consecuencias negativas para procura dunha gandería de alto estado

sanitario e xenético e para a rendibilidade dos esforzos feitos na mellora gandeira ao longo dos últimos anos, así como para o aumento do valor engadido que lles dan as ditas actividades á economía agraria e en último termo para abrir a porta a posibles actividades de diversificación na medida en que liberan carga de traballo nas explotacións.

Neste sentido, a posta en marcha de centros de cría e recría de xovencas, e de cría e ceba de xatos pode contribuír a corrixir os desequilibrios e consecuencias negativas antes sinalados, así como a mellorar as condicións de vida e de traballo dos titulares das explotacións gandeiras de vacún e das súas familias.

As actividades que se van subvencionar enmárcanse dentro do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), o Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 polo que se establecen as disposicións de aplicación do antedito regulamento do Consello, así como o previsto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións.

Así mesmo, aféctalle tamén o Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento CE nº 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas da axuda ao desenvolvemento rural.

Ademais o artigo 10 do Regulamento CE 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001 establece que as axudas destinadas a compensar polos custos de prevención de enfermidades serán compatibles co mercado común e quedan exentas da obriga de notificación.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1ª do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1998,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas de apoio á produción para instalacións e equipamentos en común.